CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		PE	40
CA1.2.1. - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións durante a práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.		
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Coñecer normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles.		
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións antes da actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	TI	60
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial para o seu uso no ámbito da actividade física.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual ou colaborativo establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices.		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, facendo respectar o propio corpo e o do resto de persoas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar as diferentes actividades segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás mesmas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación.</li> <li>- Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> </ul> </li> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> <li>- Toma de decisións:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> <li>- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente como en grupo.</li> </ul> </li> <li>- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.</li> </ul> </li> <li>- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.</li> <li>- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Exprésome e bailo. Circo	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.			
CA1.2.1. - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Xestionar a participación en manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes.	PE	40
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Desenvolver proxectos motores de carácter cooperativo ou colaborativo establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles.		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial para o seu uso no ámbito da actividade física.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos da motricidade de forma eficiente e creativa facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices.	TI	60
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar as diferentes actividades segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás mesmas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar en manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia como con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes.		
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Utilizar intencionadamente o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na representación de composicións individuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> <li>- A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.</li> </ul> </li> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición con base en criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> <li>- Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> <li>- Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.</li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> </ul> </li> <li>- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. <ul style="list-style-type: none"> <li>- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.</li> </ul> </li> <li>- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.</li> <li>- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.</li> <li>- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural.</li> <li>- Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos.</li> <li>- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo.</li> <li>- Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Iniciámonos nun deporte colectivo	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.			
CA1.2.1. - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar medidas de prevención de lesións, coñecendo as actividades previas e posteriores á actividade (quecemento específico)		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, facendo respectar o propio corpo e o do resto de persoas.	PE	40
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial para o seu uso no ámbito da actividade física.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións.		
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia evitando activamente a súa reprodución.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións durante a práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	TI	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Actuar aplicando principios básicos de toma de decisións en actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices.		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar actividades motrices controlando as emocións, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar as diferentes actividades segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás mesmas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> <li>- A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.</li> </ul> </li> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición con base en criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> <li>- Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.</li> </ul> </li> </ul>

**Contidos**

- Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
- Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.
- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.
- Funcións de arbitraje deportiva.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.

UD	Título da UD	Duración
9	Parcour	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Valorar certas prácticas habituais, contrarias á convivencia para evitar a súa reproducións	PE	40
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Aplicar normas de seguridade básicas e específicas da antividade		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes apps dixitais relacionadas coa localización de espazos e a destreza específica		
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer as prácticas incívicas e iniciarse na resolución de conflitos		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Participar nunha actividade alternativa para coñecemento das propias capacidades e limitacións corporais.	TI	60
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Adecuar as destrezas motrices propias ó espazo que se presente. Sen incertidume		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticas, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar e explorar a contorna como medio para a practica de novas disciplinas		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Analizar e empregar espazos do entorno, respectando as normas de seguridade e civismo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.</li> <li>- Toma de decisións:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> </ul> </li> <li>- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.</li> <li>- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestas.</li> <li>- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.</li> <li>- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Sáímos!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.			
CA1.2.1. - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física.		
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Coñecer normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións antes e durante a práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	TI	100
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, gozando de maneira sostible e minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir.		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física:
- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.

## Contidos

- Saúde mental:
- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.
- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.
- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestas.
- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.
- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física na etapa da educación secundaria ten un marcado carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado. Por ese motivo, procurárase unha metodoloxía flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva. A proposta metodolóxica que se aplicará ao proceso de ensino e aprendizaxe para esta materia guiarase a través dos seguintes elementos:

#### 1. ESTILOS DE ENSINO

Os estilos de ensino amosan como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións e definen o papel de cada un nese proceso.

Na relación ensino-aprendizaxe non se pode considerar que un estilo sexa mellor que outro xa que ningún deles asegura a consecución de todos os obxectivos que se procuran na materia de Educación Física. Chegado o momento de decidirse por un determinado estilo de ensino, a selección farase en función de cal sexa o máis apropiado no desenvolvemento dunha tarefa determinada: para as aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características, utilizaranse estilos máis directivos; para aprendizaxes tácticas, de expresión corporal e outras de similares características fomentarase a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento. Ademais, poderá darse o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensino utilizados.

De cara a poder determinar a práctica docente e que esta se adecúe o mellor posible ás necesidades do alumnado, ao inicio de cada unidade didáctica comprobaranse os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma realizando unha avaliación inicial de coñecementos. Os procedementos de avaliación poderán ser variados: proba escrita, observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, enquisa... e o instrumento dependerá do contido da propia unidade didáctica. Unha vez feita esa valoración, a persoa docente concretará a necesidade de realizar as adaptacións que precise o proceso de ensino e aprendizaxe para cada alumna e cada alumno.

#### 2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

Agrupamentos:

As tarefas que se desenvolvan determinarán os distintos agrupamentos que se propoñan. Contéplase desde a proposta do traballo individual ata o traballo en grupo-clase, pasando por todo tipo de agrupamentos, o que se concretará segundo distintas variables: a necesidade de individualizar o ensino adaptándoo ao ritmo de aprendizaxe do alumnado; a proposta de favorecer o proceso de socialización, de mellora das relacións persoais, do coñecemento mutuo, o respecto polo resto de persoas, o tolerar os distintos puntos de vista...; así como desenvolver a cohesión do grupo, a aprendizaxe de habilidades técnicas...

Utilización de espazos:

Non se reducirá o espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas senón que se empregarán ao máximo os espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da materia de Educación Física das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter a esta materia, circunscribíndoa unicamente aos espazos "tradicionais": para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderase empregar a biblioteca do centro; para a busca de información que requira un ámbito máis amplo poderase utilizar a aula de informática (internet); tamén se poderá empregar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen presentadas en soporte dixital.

Optimización do tempo de actividade:

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable

para practicar a dita actividade en número suficiente de veces. O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas:

a) Preparación da clase de educación física: os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo (acceder ao vestiario desde a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa) e, para evitar a perda de tempo nesta fase, motivarase previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitarase o tempo de estanza no vestiario.

b) Eficiencia no tempo dispoñible. O dito tempo tratarase de optimizar do seguinte xeito:

- Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizarase a atención nun ou en dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicarase ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda á compañeira ou o compañeiro.

- Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaranse ao máximo os materiais que se seleccione para a sesión. Ademais designarase ao inicio da sesión ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuío e se necesite moito material, intentarase, na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

- Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos como a transición duns aos outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino e aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, planificaranse as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

- Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións da materia de Educación Física, pódese dicir que basicamente as sesións divídense en tres partes: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abórdanse as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándose agora nas outras dúas partes; para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitarase esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitarase o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiranse, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivarase a o alumnado para a sesión seguinte.

### 3. COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe. Por ese motivo, a progresión ao longo das etapas educativas debe fluír desde un coñecemento dos resultados extrínseco cara a un cada vez máis intrínseco.

Nesta proposta de programación, o coñecemento dos resultados abranguerá, en función do momento, tres posibilidades:

- en certos contidos (por exemplo, os máis técnicos), tratarase de utilizar o coñecemento dos resultados concorrente; tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procurarase que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción;

- naquelas situacións, nas que se busque que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizarase o coñecemento dos resultados inmediato (nun principio, mediante unha transmisión verbal e, sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual);

- por último, tratarase de aumentar o protagonismo do coñecemento dos resultados intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa (este coñecemento dos resultados diferido é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos nos que, combinado con estilos de ensino baseados na busca, se pretende proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións).

### 4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos xa que, grazas a elas, o alumnado os adquire. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización. Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaranse

diferentes tipos de actividades:

- As actividades de diagnóstico utilizaranse principalmente nas primeiras sesións de cada unidade didáctica co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver.
- As actividades de desenvolvemento utilizaranse para desenvolver os contidos centrais das distintas unidades didácticas.
- Ligadas ás anteriores virán as actividades de síntese, nas cales tratarase de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos en situacións reais de práctica.
- Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaranse a cabo as actividades de avaliación, coas que se pretende comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado.

Non se debe esquecer que, dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais. Polo tanto, prepararanse dous tipos máis de actividades: as de reforzo, que se utilizarán con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de ampliación, destinadas ao alumnado que presenta un dominio importante do contido desde un principio ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

#### 5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que se utilizará dependerá do tipo de contido e da tarefa que se deseñe, así como do seu obxectivo. Así, por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada unidade didáctica, con carácter xeral a estratexia será de tipo global, na que se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder ter unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do alumnado no devandito contido. Para aquelas tarefas nas que o obxectivo perseguido sexa, entre outros, unha aprendizaxe técnica a estratexia a utilizar será máis analítica: por exemplo, a aprendizaxe dun xesto técnico comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto. Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaranse estratexias sintéticas que permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, pódese partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa.

#### 6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

- Entrada e saída da aula: a entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (ximnasio, pista exterior)) correspondente; a saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.
- Cambio de roupa: o alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.
- Hábitos hixiénicos: distinguirse entre aseo e ducha. Entenderase por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión.
- Recollida do material: o material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instalacións dispoñibles para o desenvolvemento da materia neste nivel educativo.
Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso.
Edixgal, Aula virtual/moodle. Cursos dispoñibles na aula. Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe. Material complementario.

Material bibliográfico no departamento didáctico, biblioteca, outras dependencias do centro etc.

No relativo a cada un dos conceptos presentados, indicar:

- Respecto das instalacións dispoñibles, empregaranse os espazos que o propio centro determine de forma específica para o desenvolvemento da materia de Educación Física (pista exterior, pavillón...). Xunto con estes, previa reserva, empregaranse outros como a biblioteca do centro, a aula de informática e outros que se precisen de forma puntual para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe presentado nesta programación didáctica.

- En relación ao material, o departamento conta con material suficiente para o desenvolvemento da materia o que non impedirá que se renove ou se adquira outro máis actualizado ou en mellores condicións de uso, cuestión que se determinará no Departamento didáctico e coa Secretaría do centro.

- Para este curso non se prevé o uso de libro de texto. No caso de precisarse algún tipo de apuntamento, poderá presentarse en formato papel ou a través da aula virtual do centro.

- Na aula virtual do centro crearase unha aula específica para cada un dos grupos deste curso, de cara a que sirva de referencia para o alumnado e facilite o proceso de ensino e aprendizaxe: servirá como repositorio de materiais, como espazo para a elaboración de tarefas, como recordatorio de datas ou informacións importantes...

- Tanto no Departamento didáctico como na biblioteca do centro existe material específico a disposición do alumnado de cara a que este poida realizar as tarefas propostas, avanzar con seus coñecementos de amosar interese...

- Ao longo do curso, traballarase co alumnado o uso de distintas aplicacións relacionadas co mundo do deporte que axudarán a mellorar a súa práctica diaria e futura.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial enténdese como o conxunto de accións que levará a cabo o profesorado da materia durante as primeiras sesións lectivas do curso coa finalidade de detectar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

Para realizar a avaliación inicial do alumnado na materia de Educación Física, desenvolveranse dúas accións concretas:

1. A revisión dos informes individualizados do alumnado (en especial, daquel alumnado que o profesorado non coñeza xa de cursos anteriores e que, no caso de 1º curso da ensinanza secundaria obrigatoria será a meirande parte do mesmo, tomando en consideración o cambio de etapa educativa). De especial interese será tamén, no seu caso, a información que poidan ampliar as persoas que impartiran a área de Educación Física na etapa anterior (de ser posible e de existir unha canle de colaboración fluída entre o colexio de referencia e o instituto, o Departamento didáctico organizará reunión/s presencial/is entre o profesorado desta materia neste curso e o que impartiu ao alumnado no curso pasado).

2. A realización dunha ou varias probas específicas adaptadas ao nivel educativo correspondente que permitan avaliar no alumnado aspectos como:

- habilidades motrices básicas
- expresión corporal
- equilibrio e coordinación
- outros aspectos: ambiente de cooperación, respecto polo material, interese na materia, autonomía etc.

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do

departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>20</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	0	40	40	40	40
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	100	60	60	60	60

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	0	<b>36</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	100	<b>64</b>

### Criterios de cualificación:

Neste curso o alumnado recibirá unha cualificación en cada unha das tres avaliacións trimestrais que reflectirán o traballo que se realice de forma parcial ao longo de cada trimestre e unha cualificación final como valoración do traballo realizado ao longo de todo o curso.

#### CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

Cada trimestre, o profesorado calculará a cualificación do seu alumnado tomando como referencia os resultados acadados en cada unha das unidades didácticas traballadas e aplicando as seguintes ponderacións:

- 1º trimestre. Unidade didáctica 10: % + Unidade didáctica 2: 40% + Unidade didáctica 3: 20%+ Unidade didáctica 4: 30%
- 2º trimestre. Unidade didáctica 5: 30% + Unidade didáctica 6: 30% + Unidade didáctica 7: 40%
- 3º trimestre. Unidade didáctica 8: 50% + Unidade didáctica 9: 30% + Unidade didáctica 10: 20%

Se ben a cualificación trimestral final virá determinada polo cálculo que resulte de aplicar as ditas ponderacións, teranse en conta sempre as seguintes salvagardas:

- para poder realizar o cálculo a alumna ou o alumno deberá acadar en cada unha das unidades didácticas do trimestre unha valoración igual ou superior a 4 puntos;
- se a valoración acadada nunha unidade didáctica é inferior a tres puntos a valoración do trimestre será de catro puntos, ou inferior se o resultado de aplicar as ponderacións anteriores amosa un resultado menor de catro puntos;
- cando a cualificación trimestral obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación trimestral que se concrete):
  - se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;

- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

#### CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA

Ao final de curso, o profesorado calculará a cualificación do seu alumnado tomando como referencia os resultados acadados en cada un dos trimestres do curso e aplicando as seguintes ponderacións:

- 1º trimestre: 35% de peso na cualificación final do curso
- 2º trimestre: 35% de peso na cualificación final do curso
- 3º trimestre: 30% de peso na cualificación final do curso

Para este cálculo, cando a cualificación final obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación final que se concrete):

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No caso de alumnado que requira unha atención especial sobrevenida por distintas causas (lesións, malestares diversos etc.) porque non pode seguir o ritmo das sesións ou desenvolver a proposta didáctica por un período de tempo indeterminado, realizaranse as oportunas adaptacións para que poida acadar os obxectivos da materia. En todo caso, seranlle de aplicación os mesmos criterios de cualificación mencionados tanto trimestrais como finais con independencia das adaptacións que se realicen.

A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

A parte teórica dos contidos terán un valor do 40% da nota de cada unidades, agás en aquelas, na que os contidos sexan eminentemente prácticos (por exemplo, na UD1: Quecemento). Realizarase a través de cuestionarios de edixgal, exames teóricos na aula/ximnasio, traballos individuais ou grupais, presentacións orais...

A parte práctica un 60%: análise de accións motrices, mellora dos esquemas motrices, probas prácticas (tanto individuais como grupales)....

#### **Criterios de recuperación:**

En relación aos criterios de recuperación da materia para aquel alumnado que non supere algunha ou todos os trimestres, o criterio inicial será o de que a alumna ou o alumno só terá que recuperar aquela parte ou partes da unidade didáctica non superadas e non repetir todas as aprendizaxes xa acadadas. Polo tanto, a partires desta premisa, establécense dúas liñas de actuación:

#### CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO LONGO DOS TRIMESTRES

O alumnado poderá recuperar ou incluso subir a súa cualificación para unha unidade didáctica en calquera momento do curso seguindo as indicacións que o profesorado faga chegar a cada alumna e a cada alumno. Polo tanto, pódense dar dous escenarios posibles:

- Antes de que se realice a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación, que se reflectirá xa na súa cualificación dese trimestre (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

- Unha vez realizada a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación ao longo do resto de trimestres; unha vez acadada unha mellor cualificación, o profesorado a comunicará á alumna ou o alumno e á persoa titora na xunta de avaliación correspondente e a tomará en conta para realizar o recálculo da cualificación do trimestre e, en especial, recálculo que será o referente á hora de realizar a avaliación final da materia (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

Ao final do trimestre, o profesorado remitirá un informe individualizado á persoa titora para que o faga chegar ás familias no que se indique o plan de recuperación da materia específico para a alumna ou para o alumno.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO FINAL DE CURSO SOBRE O TOTAL DA MATERIA

O alumnado que pese a recibir un plan específico de recuperación da materia en cada un dos trimestres no momento no que non superara unha unidade didáctica ou ao final do trimestre, non superara algunha das unidades didácticas, terá un prazo específico de 15 días (os primeiros 15 días de xuño) para acadar as aprendizaxes non superadas seguindo o plan de recuperación que terá como referente os mínimos de consecución da materia e que se entregará a finais do mes de maio. No caso de recuperar algunha das aprendizaxes, aplicarase a mellora na cualificación correspondente por unidade didáctica e trimestre e esas novas cualificacións serán as que se empreguen para obter a cualificación final da materia. A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Do mesmo xeito, procederase no caso de alumnado interesado en mellorar a cualificación das súas aprendizaxes pese a que xa obtivera un resultado positivo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que non supere a materia de Educación Física do 1º curso da educación secundaria obrigatoria e a teña que cursar como pendente (ao promocionar ao curso seguinte) recibirá un plan de reforzo, destinado á recuperación e superación desta materia, que se adaptará a cada alumna ou cada alumno.

Este plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparta a materia no curso que a alumna ou o alumno ten pendente de superar, baixo as directrices do Departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e os descritores operativos das competencias clave vinculados coa mesma. O Departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno e esta/e terá como principal referente á persoa que lle imparta docencia no 2º curso, que será quen guiará o seu proceso de aprendizaxe de cara á superación da materia pendente (por exemplo, se pasou de 1º curso a 2º curso, o profesorado de referencia será o de 2º curso).

O plan de reforzo incluirá, cando menos:

- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado polo Departamento didáctico ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación; esa información remitirase tamén á familia ou persoa responsable da alumna ou o alumno. O plan terá dúas partes para cada un dos trimestres:

- Elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas.
- Guión con probas prácticas así como indicacións para o seu desenvolvemento.

O alumnado recibirá unha cualificación trimestral e unha cualificación final que se outorgarán desde o Departamento didáctico:

1. Cualificación trimestral: Terá en conta:

- Proposta de traballo no cartafol: 30% da cualificación
- Realización das probas prácticas indicadas: 70% da cualificación

Cando a cualificación trimestral ou final obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación trimestral que se concrete):

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No caso de que a alumna ou o alumno non supere o plan trimestral, poderá recuperar un trimestre non superado no seguinte.

2. Cualificación final: Ao final do curso, a alumna ou o alumno recibirá unha cualificación final que se obterá da media ponderada das tres avaliacións (as tres terán o mesmo peso), empregándose a fórmula:  $(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ Av.} + \text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ Av.} + \text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ Av.}) / 3$ .

No caso de que non superara algún dos trimestres pese a recibir o plan de reforzo, poderá igualmente realizar unha recuperación final extraordinaria consistente nunha proba organizada polo Departamento didáctico na que terá que presentar os traballos propostos no cartafol para cada trimestre non superados, e realizar as probas prácticas prescritas tamén en cada trimestre e non superadas (cartafol e probas xa indicadas no plan de reforzo). Para a cualificación final aplicarse igualmente a fórmula anterior.

A cualificación final da materia pendente presentarse nunha sesión de avaliación final extraordinaria de pendentes do curso en que estea escolarizada/o a alumna ou o alumno. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, que terá que ser igual ou superior a 5 puntos.

Cando a cualificación trimestral ou final obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación trimestral que se concrete):

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

- Alumnado repetidor (coa materia aprobada/coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

- Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/s didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

- Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da unidade didáctica que garanta que participe e logre os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

- Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

- No caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento pódense poñer en marcha distintas medidas:
  - Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregaranse formas de organizar a clase individualizadas, estableceranse grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran etc.
  - Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
  - Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física); reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto; creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades; simplificación das actividades; e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, poderase:

- Propoñer actividades de ampliación que lle permita a este alumnado profundar nos diversos contidos alcanzando niveis competenciais superiores.
  - Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/os que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación emocional		X			X		X	X
ET.2 - Comprensión de lectura		X		X				
ET.3 - Expresión oral e escrita		X		X				
ET.4 - A comunicación audiovisual				X				
ET.5 - A competencia dixital				X				
ET.6 - A creatividade		X		X	X	X	X	
ET.7 - O emprendemento social	X			X			X	
ET.8 - O espírito científico				X				
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A igualdade de xénero	X	X					X	
ET.12 - A educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - A educación afectivo-sexual		X						
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.17 - A conciencia e formación sobre o cambio climático		X						
ET.18 - A educación para a sostibilidade		X						
ET.19 - A educación para o consumo responsable		X						
ET.20 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.21 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.22 - O respecto mutuo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.23 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación emocional		
ET.2 - Comprensión de lectura		
ET.3 - Expresión oral e escrita		
ET.4 - A comunicación audiovisual		
ET.5 - A competencia dixital		
ET.6 - A creatividade		X
ET.7 - O emprendemento social		X
ET.8 - O espírito científico		
ET.9 - O espírito crítico		X
ET.10 - A educación en valores		X
ET.11 - A igualdade de xénero		
ET.12 - A educación para a saúde		X
ET.13 - A educación afectivo-sexual		
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes		X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero		X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista		X
ET.17 - A conciencia e formación sobre o cambio climático		
ET.18 - A educación para a sostibilidade		
ET.19 - A educación para o consumo responsable		

	UD 9	UD 10
ET.20 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social		X
ET.21 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito		X
ET.22 - O respecto mutuo		X
ET.23 - A cooperación entre iguais		X

### Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única materia senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as materias da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 11.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen nos aliñados 12 a 23. No caso desta materia, considérase que, dun xeito ou doutro, todos eles deben estar presentes en todos os cursos.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña das temáticas dos mesmos indicados para estas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro de sendeirismo	Achegamento a un espazo natural da contorna para a realización dunha andaina ou xornada de xogos	X		X
Xúntos movémonos mellor!	Xornada de xogos de aventura. Atalaia			X
Na praia tamén sabemos estar...	Uso da praia como lugar para estar pero tamén como espazo no que se poden desenvolver moitas actividades lúdicas e no que desenvolver actividades de socorro.		X	

## Observacións:

As actividades complementarias previstas son as que se sinalan. No caso de que puideran xurdir outras ao longo do curso analizaríase a súa viabilidade e solicitaríase a correspondente autorización á dirección do centro. En relación ás actividades complementarias mencionadas, indícase:

- Durante o primeiro trimestre realizarase conxuntamente co alumnado de 2º curso da ESO, se o tempo o permite, un roteiro pola natureza de intensidade axeitada ao nivel educativo do alumnado participante. Aproveitaranse espazos naturais próximos ou pertencentes á contorna do alumnado do centro (para que este coñeza estas zonas do seu concello ou, de coñecelas, poida incluso participar como guía). Esta actividade organízase en colaboración co Departamento didáctico de ciencias naturais.
- No mes de marzo, a concellería de deportes organiza todos os cursos unha pequena xuntanza deportiva na que adoita participar o alumnado do concello xa que pídese colaboración aos centros. O noso alumnado acostuma a participar sempre resultando un día para a convivencia e realizar distintas prácticas deportivas xa que a xuntanza non se circunscribe unicamente á realización dunha carreira popular.
- Ao quedar preto da praia, ao final de curso e antes do remate do mesmo, organízase para o alumnado deste nivel educativo unha xornada de achegamento a un espazo natural tan polivalente como é a praia, como espazo lúdico pero tamén como medio no que se poden dar situacións de socorro para as que se debe estar en condicións de actuar (para o que se contará co corpo de Protección Civil do concello). Participan nesta actividade os Departamentos didácticos de ciencias naturais e de xeografía e historia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización da programación e das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas
Uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases.
Medidas de atención á diversidade
Faise seguimento dos mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe
Información ao alumnado e as familias da programación

## Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a práctica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final do departamento.

En relación aos indicadores de logro:

a) Temporalización da programación e das unidades didácticas

- Mediante unha listaxe de control reflectirase se a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo tanto as unidades didácticas como a programación xeral.

b) Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas

- Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse dous instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo; e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntuará con 3 ou máis este apartado.

c) Uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases.

- Mediante unha listaxe de incidencias controlárase e valorárase o uso do material recollendo aspectos como uso e abuso do material por grupo, material que precisa cambio ou renovación, material desaparecido ou inutilizado...

d) Faise seguimento dos mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.

- Mensualmente no departamento didáctico analizaranse, por parte do profesorado, o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade de cara a realizar os axustes necesarios.

e) Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe

- Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

f) Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente

- Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, mediante a reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntuará con 3 ou máis este apartado.

g) Información ao alumnado e as familias da programación

- Mediante unha listaxe de control avaliarase se alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais, controlárase se o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

## **9. Outros apartados**